

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL SOBRE A ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO BARRIO DE MAZARACOS

Os nenos e as nenas de 6º de Primaria do CEIP Plurilingüe As Solanas- Nicolás gutiérrez Campo temos un compañeiro que vai en cadeira de rodas. O curso pasado fixemos unha saída pola vila para coñecer algúns monumentos. Fomos a pé dende o colexio ata o castelo de Santa Cruz, e despois ata o Centro Cultural.

Nesta saída démonos conta de que nalgúns sitios era imposible ir coa cadeira de rodas polas beirarrúas xa que nuns tramos son demasiado estreitas, noutros hai un poste no medio, a maioría son demasiado altas, non teñen rampa e é moi complicado subir e baixar. Para engadirlle maior dificultade, hai rúas sen beirarrúas nas que os coches están aparcados e hai que ir polo medio.

Esta situación non só afecta á persoas que van en cadeira de rodas senón tamén as que levan un carriño de bebé e as persoas maiores. Por outro lado tamén comprobamos que indo pola rúa O Rosal tivemos que cruzar en varios sitios nos que non hai pasos de peóns o que fai máis difícil ir por aí.

Sabemos que hai leis que obrigan aos concellos a resolver esta problemática, a eliminar o que se chama barreiras arquitectónicas para que todos podamos ir polo pobo sen importar se podemos andar ou temos que ir en cadeira de rodas.

Neste sentido hai que recordar que o concello ten feito un gran esforzo para a eliminación das barreiras arquitectónicas en moitas partes da vila e que dadas as dificultades económicas que atravesamos non podemos resolver de inmediato este problema en todas as zonas que están pendentes aínda que si nos comprometemos a facelo pouco a pouco.

Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía ten a ben propoñer ao Excelentísimo Concello en Pleno a adopción dos seguintes acordos :

1.-) Reformar as beirarrúas da rúa O Rosal, Rodríguez Sinde e transversais (zona de Mazaracos) co fin de eliminar as barreiras arquitectónicas e pintar os pasos de peóns que se precisen no próximo ano

2.- Elaborar un plan de eliminación das barreiras arquitectónicas en todos os barrios da vila e nas parroquias para que no prazo de 4 anos non haxa barreiras en todo o concello.

A Guarda a 29 de novembro do 2011

A ALCALDESA